

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

19729 *ORDE ITC/3538/2008, do 28 de novembro, pola que se aproba o modelo de comunicación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións da normativa que afecte o dereito de ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas. («BOE» 294, do-6-12-2008.)*

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, ten, entre os seus obxectivos, o de promover o establecemento de redes públicas de comunicacións electrónicas por medio dun investimento eficiente.

Para dar cumprimento a este obxectivo concreto, a regulación da ocupación do dominio público ou a propiedade privada para a instalación de redes pretendeu establecer uns criterios xerais que deberán ser respectados polas administracións públicas titulares do dominio público. Deste modo, recoñécense dereitos de ocupación a todos os operadores que practiquen a notificación da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na medida que sexa necesario para a instalación das súas redes, á vez que detalla os principios básicos que garanten o exercicio dese dereito en condicións de igualdade e transparencia, con independencia da Administración ou o titular do dominio público ou a propiedade privada de que se trate.

Con obxecto de simplificar o cumprimento dos criterios xerais que deberán respectar as administracións públicas titulares do dominio público e competentes para ditar normativa en determinadas materias que afectan o despregamento das redes, así como para garantir os dereitos de información e de seguranza xurídica, tanto dos operadores que aspiran a despregar as súas redes, como dos usuarios dos servizos, así como dos cidadáns en xeral, o artigo 29.2 a) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, establece uns requisitos que deberán cumprir estas administracións públicas nas súas relacións coa Comisión do Mercado das Telecomunicacións en virtude do artigo 31.1 da mesma lei.

O artigo 29.2 a) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, establece en relación coa normativa específica de aplicación á ocupación do dominio público e a propiedade privada para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas ditada polas distintas administracións públicas con competencias en materias de protección do ambiente, a saúde pública, a seguranza pública, a defensa nacional, a ordenación urbana ou territorial e tributación por ocupación do dominio público, que estas deberán ser publicadas nun diario oficial de ámbito correspondente ao da Administración competente.

Da dita publicación e un resumo desta, axustado ao modelo que se estableza mediante orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía (actualmente, ministro de Industria, Turismo e Comercio), así como do texto das ordenanzas fiscais municipais que impoñan as taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais recollidas no artigo 24.1 c) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais e do de cantas disposicións de natureza tributaria afecten a utilización de bens de dominio público doutra titularidade deberase dar traslado á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, co fin de que esta publique unha sinopse na internet.

Pola súa vez, o artigo 31.1 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, establece que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións publicará na internet un resumo das normas que cada Administración lle comunicou en cumprimento do establecido no citado artigo 29.2.

Para dar cumprimento aos expresados mandatos legais, mediante esta orde apróbase o modelo de comunicación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para a súa publicación na súa páxina web, do resumo da normativa que afecte o dereito de ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas, recoñecido aos operadores nos artigos 26 e 27 da referida Lei xeral de telecomunicacións, ditada polas distintas administracións públicas no exercicio das súas competencias.

Esta orde foi obxecto de informe pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de conformidade co artigo 48.3.h) da Lei xeral de telecomunicacións e, así mesmo, polo Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, cuxo informe, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei xeral de telecomunicacións, equivale á audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto desta orde a aprobación do modelo de comunicación da normativa que afecte o dereito de ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas, en desenvolvemento do establecido no artigo 29.2 a) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. O modelo de comunicación será o que figura no anexo desta orde, e estará dispoñible na páxina web da Comisión do Mercado das Telecomunicacións (www.cmt.es).

Artigo 2. *Remisión do modelo de comunicación.*

1. Tanto as disposicións normativas como os instrumentos de planeamento con forza normativa aprobados polas administracións públicas aplicables á ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas deberán ser comunicados á Comisión do Mercado das Telecomunicacións no modelo de comunicación que aproba esta orde.

2. As administracións públicas que, de acordo co disposto nos artigos 28 e 29 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, diten normativa específica relativa á xestión do dominio público de que se trate, normativa en materia de protección do ambiente, a saúde pública, a seguranza pública, a defensa nacional e a ordenación urbana ou territorial, así como ordenanzas fiscais municipais que impoñan as taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais recollidas no artigo 24.1.c) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e disposicións de natureza tributaria que afecten a utilización de bens de dominio público doutra titularidade, deberán remitir á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a seguinte documentación:

a) Unha copia da publicación do texto da norma no diario oficial correspondente.

b) Un resumo de cada unha das normas aprobadas axustado ao «Modelo de comunicación da normativa que afecte o dereito de ocupación do dominio público e pri-

vado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas» que figura no anexo.

Artigo 3. *Prazo para a remisión da documentación.*

A remisión á Comisión do Mercado das Telecomunicacións da documentación a que se refire o artigo anterior deberase realizar no prazo dun mes desde a publicación da norma, preferentemente a través de medios electrónicos ou telemáticos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 28 de novembro de 2008.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.

ANEXO

Modelo de comunicación da normativa que afecte o dereito de ocupación do dominio público e privado para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	ESTADO	Código ¹
	COMUNIDADE AUTÓNOMA	
	PROVINCIA	
	MUNICIPIO	
	OUTROS	
ÁMBITO COMPETENCIAL ²		
RANGO DA NORMA		
TÍTULO DA NORMA		
DATA DE:	APROBACIÓN	
	PUBLICACIÓN	
	ENTRADA EN VIGOR	
DISPOSICIÓN COMUNICADAS PREVIAMENTE QUE DERROGA		
DIARIO OFICIAL DE PUBLICACIÓN		
VÍNCULO ELECTRÓNICO INDIVIDUALIZADO DA NORMA APROBADA		
RESUMO DA NORMA NO QUE AFECTE O DESPREGAMENTO DE REDES PÚBLICAS DE COMUNICACIÓN ELECTRÓNICAS		
REFERENCIA DOS ARTIGOS QUE AFECTAN		
OBSERVACIÓNS		

1. Códigos definidos polo Instituto Nacional de Estadística (INE)

2. O ámbito competencial de cada unha das normas deberase clasificar nunha ou varias das seguintes categorías:

- Xestión do dominio público concreto nunha ou varias.
- Ambiente.
- Saúde pública.
- Seguranza pública.
- Defensa nacional.
- Ordenación urbana ou territorial.
- Tributación por ocupación do dominio público.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

19730 REAL DECRETO 1835/2008, do 8 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. («BOE» 294, do 6-12-2008.)

O Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina desenvolve, entre outros o Regulamento (CE) n.º 820/1997, do Consello, do 21 de abril de 1997, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún e o Regulamento (CE) n.º 2629/1997, da Comisión, do 29 de decembro de 1997, polo que se establecen determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 820/1997, do Consello, no que respecta ás marcas auriculares, os rexistros das explotacións e os pasaportes no marco do sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. No artigo 13 do citado real decreto establécese un prazo máximo de vinte e sete días tras o nacemento dun animal da especie bovina para a comunicación dese acontecemento, e da súa data, á autoridade competente para a súa incorporación á base de datos establecida no artigo 12.

O Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, regula que as marcas auriculares para a identificación dos animais da especie bovina se deberán colocar nun prazo máximo de vinte días tras o nacemento e sempre antes de que o animal abandone a explotación onde naceu. Ademais, establece que a notificación á base de datos de todos os traslados desde a explotación ou cara a ela así como de todos os nacementos e as mortes de animais ocorridas na explotación e as datas deses acontecementos deberase realizar nun prazo comprendido entre 3 e 7 días.

Posteriormente, o Regulamento (CE) n.º 911/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás marcas auriculares, aos pasaportes e aos rexistros das explotacións sinala que os Estados membros poderán tomar a data da colocación das marcas auriculares en vez da data do seu nacemento como inicio do prazo de notificación á base de datos sempre e cando ambas as datas non poidan dar lugar a confusión en ningún rexistro.

Por outro lado, a Decisión 2006/28/CE da Comisión, do 18 de xaneiro de 2006, relativa á ampliación do prazo máximo para a colocación de marcas auriculares en determinados animais da especie bovina, establece que os Estados membros naqueles casos en que os animais se manteñan en condicións de xestión específicas e en que as particulares dificultades da zona, ou o comportamento sumamente agresivo dos animais fagan difícil e incluso perigosa a colocación das marcas auriculares nos vinte días tras o nacemento do animal, como é o sistema produtivo en extensivo ou a gandaría de montaña, poderán autorizar as explotacións a ampliar o prazo ata os seis meses cunha serie de requisitos. Desa maneira, como máis tarde, aos xatos colocaráselles a marca auricular